

Os ángulos de cámara

Existen diferentes tipos de ángulos de cámara que determinan unha percepción psicolóxica da persoa ou obxecto filmado.

Se cos tipos de plano utilizabamos o tamaño da figura humana como referencia, no caso dos ángulos estamos a lle outorgar máis ou menos importancia segundo dende que altura gravémola.

Pódense realizar variacións de ángulo de cámara e movemento co apoio dun trípode, guindastre, travelling ou sobre o operador. Coñecendo estas opcións, poden utilizarse para todo tipo de fins expresivos.


Ángulo normal (natural) ou plano á altura dos ollos

O máis utilizado dos ángulos de cámara na linguaxe audiovisual realízase paralelo ao chan. A cámara establécese á altura dos ollos do personaxe e chea de estabilidade, naturalidade, e tranquilidade a escena. Tomamos unha posición neutral respecto da persoa.



Ángulo picado ou plano picado

A cámara colócase encima do suxeito ou obxecto, de forma que se observa dende arriba. Realízanse dende ángulos elevados por encima da visión e cara abaixo. O fin destes planos é facer máis pequeno a quen se encadre en relación cun plano normal, provocando unha situación de debilidade, inferioridade ou vulnerabilidade, pode mesmo utilizarse para ridiculizar. Así a parte superior parece máis grande que a inferior.



Ángulo contrapicado ou plano contrapicado

O contrario ao ángulo picado. A acción recóllese dende abaixo. A cámara colócase debaixo e tómanse dende os ángulos inferiores por baixo da vista e cara arriba. Utilízase para provocar unha sensación de grandiosidade cunha aparencia de superioridade aos personaxes que se atopan elevados sobre os outros, enxalza e magnifica ao suxeito. O corpo adopta unha estrutura triangular que cunha distancia focal curta engadida aumenta aínda máis esta percepción.



Ángulo cenital ou plano cenital

A cámara sitúase na vertical con respecto ao chan e a imaxe que se obtén outorga un campo de visión de arriba a abaixo. Está situado encima do suxeito na perpendicular ao chan e aumenta a sensación de inferioridade.

Pensade que porque gravemos dende arriba, non necesariamente ten que ser un plano moi amplo.



Ángulo de cámara nadir ou plano nadir

O ángulo nadir é o oposto do cenital. Isto quere dicir que gravamos completamente dende abaixo. Non é un ángulo tan frecuente pola complexidade do mesmo, e porque só debe usarse cando teña sentido.




Ángulo aéreo ou «a vista de paxaro»

A cámara grava a escena dende unha altura elevada, como pode ser dende un helicóptero ou avión, ou dende encima dunha montaña. Isto provoca que a escena se describa e sitúese por se soa.



Ángulo aberrante. Plano aberrante ou plano holandés

Dáse cando o ángulo do horizonte non está encadrado horizontalmente. Inclínamos a cámara (roll) para obter unha maior sensación de inestabilidade e desconcerto.



Ángulos de cámara segundo o punto de vista

Ángulo Frontal

Cando vemos a alguén completamente de fronte. Se non está completamente de fronte e está lixeiramente ladeado, chamáremolo “case frontal”.

Ángulo dorsal

O oposto ao frontal sería o ángulo dorsal, no que vemos a alguén completamente dende atrás.

É dicir, non lle vemos a cara e non podemos ver a súa expresión, polo que é máis inquietante e xera máis misterio que se o vemos de fronte. Isto fai que a imaxinación do espectador teña que participar na construción desa imaxe.

Ángulo lateral

Se só vemos un ollo desa persoa e vémoslle completamente de lado, será un ángulo de perfil ou lateral.

Este tipo de ángulo ás veces pode transmitir desconfianza, porque só vemos unha das caras do personaxe.

Ángulo Escorzo

Tomamos este ángulo cando nos colocamos fronte ao personaxe con certa angulación lateral, ao redor dos 45º.

É dicir, sería o que hai entre ver a alguén de fronte, ou verlle de perfil. E é un ángulo que achega máis profundidade á imaxe que un ángulo frontal ou un de perfil.

O protagonista atópase de fronte e o suxeito que escoita está de costas. Así se acentúa a posición do suxeito que leva a acción nese instante coa cámara situándose en 45 graos detrás do suxeito gravado.

Ángulo Semidorsal

Se nos colocamos a 45º pero dende atrás, chámasele semidorsal.

É un ángulo no que vemos parte do rostro, chegando a ver o nariz e as pestanas, pero sen ver os ollos directamente.

É un punto de vista moi suxectivo e bastante estético.

Outros tipos de ángulos de cámara

Plano subxectivo (POV, point of view)

Con este plano referímonos a cando queremos ver dende os ollos de alguén.

É un plano que se utiliza cada vez máis, probablemente debido á influencia que tiveron os videoxogos na narrativa audiovisual do século XXI.

Plano semi subxectivo

O plano semi subxectivo tamén nos permite ver algo dende o punto de vista dun personaxe.

Pero neste caso, non dende os seus ollos, senón incluíndolle tamén no plano para velo dende a súa perspectiva.

É un tipo de ángulo que se utiliza frecuentemente nas películas que seguen de preto un personaxe e nas secuencias de películas de medo nas que sabes que vai pasar algo malo.

Plano obxecto

O chamado plano obxecto en realidade sería unha variante do plano semi subxectivo. O concepto é o mesmo. A diferenza é que se trata de obxectos, e non de persoas.

Ángulo reflecto ou indirecto

Con ángulo reflecto ou indirecto referímonos a cando facemos un plano a través dun espello ou calquera outra superficie que poida reflectir, como a auga, ou o cristal dun escaparate.

Plano aéreo ou desde o alto

Neste non hai moito que explicar. Chámase así cando gravamos dende as alturas cun drone. Podería ser cenital, pero tamén pode ser un plano picado dunha cidade. Así que o chamaremos plano aéreo.

Outros...

- ángulo a nivel de chan sería unha variante do ángulo normal, xa que non contrapicamos, pero gravamos a nivel de chan. Por exemplo, para facer un plano detalle duns pés.
- mesmo sucedería se colocásemos a cámara á altura dos xeonllos, ou á altura da cadeira. En calquera caso, especificarémolo no guión técnico cando describamos como queremos ese plano.

